AS REGRAS DE XOGO DO FÚTBOL GAÉLICO FEMININO 2018

INTRODUCIÓN

Este folleto contén unha breve versión das regras de xogo do fútbol gaélico feminino. A versión completa das regras de xogo está recollida na Guía Oficial.

O seu obxectivo é tratar de que todas as xogadoras e oficiais teñan garantido ler e aprender as regras. É importante que as profesoras e as adestradoras fagan chegar unha copia deste folleto ás súas xogadoras. Isto mellorará a súa comprensión do xogo e axudará a que acepten as decisións das árbitras sen disentiren.

Este folleto destaca a importancia que ten para a fútbol gaélico feminino a promoción dun mellor entendemento do noso xogo.

CAMPO DE XOGO

1. O fútbol gaélico feminino xógase nun campo de GAA a tamaño completo de menores de 14 anos cara arriba. O tamaño pode ser reducido para menores de 13 anos.
2. As dimensións do terreo de xogo, o espazo de anotación (portería) e/ou a duración do xogo poden ser reducidos polo Comité Organizador para competicións nas que xoguen equipos de menos de 15 xogadoras.

XOGADORAS

1. Non debería xogar ao fútbol gaélico feminino unha xogadora que puidese estar embarazada, unha xogadora que sufrise unha conmoción cerebral, etc. Non obstante se xoga, o fará completamente baixo o seu propio risco, e a Asociación de Fútbol Gaélico Feminino non se considerará responsable das consecuencias que poidan xurdir.

EQUIPACIÓNS

1. A vestimenta para xogar ao fútbol gaélico feminino é camisola ou xersei, pantalóns curtos, calcetíns e botas. As xogadoras non poden usar xoias *(coa excepción dos aneis de voda que deben ser cubertos con esparadrapo)**, pendentes, clips para o pelo ou outros elementos que poidan causar lesións xogando ao fútbol gaélico feminino.
   *As mallas compresivas non poden superar a lonxitude do pantalón e terán que ser da mesma cor que os pantalóns curtos. A porteira pode vestir pantalón longo**.
2. Todas as xogadoras deben levar un protector bucal mentres xogan ao fútbol gaélico feminino a non ser que unha médica ou dentista cualificada indique o contrario por escrito. Se non o fai, a árbitra indicará que a xogadora permaneza fóra do campo ata a que rectifique dita situación.
3. Esta regra non orixinará responsabilidade legal algunha a ningunha árbitra principal ou de banda, umpire (axudante de fondo), oficial ou unidade de equipo. Este deber é obriga individual das xogadoras e, se for relevante, dos seus pais, titores ou outras persoas legalmente responsables delas.
4. Calquera xogadora que precise gafas correctivas e queira levar lentes para participar en fútbol gaélico feminino debe usar lentes que empreguen policarbonato inquebrantable para a lente e ter marcos irrompibles e duradeiros seguindo o consello dunha optometrista ao respecto da práctica de xogos gaélicos.

(*) partes engadidas ao resumo de regras dende a guía oficial, durante a tradución

DURACIÓN DOS PARTIDOS

1. A duración dos partidos competitivos en U14 (sub-14) e superiores é dunha hora dividida en 2 partes de 30 minutos.
2. Debe permitirse un descanso que non exceda de 15 minutos na metade dun partido normal ou de 5 minutos na metade dunha prórroga.
3. As competicións a 7 xogadoras ou tipo "Blitz" (torneos con múltiples partidos no mesmo día) están exentas: o Comité Organizador determinará a duración dos seus partidos.
4. A duración dos partidos en U13 (sub-13) e inferiores pode ser reducido segundo o determinado polo Comité Organizador.

EQUIPOS

1. Cada equipo estará composto por 15 xogadoras, agás se o organismo organizador considera o contrario.

2. En competicións a 15 xogadoras, un equipo debe ter 11 xogadoras para comezar o partido. Poderán rematalo con 11 ou menos.
3. As árbitras deben recibir antes do partido un duplicado do listado de xogadoras, con nome completo e no caso de competencias Inter County (entre condados) o nome dos clubs aos que pertencen.
4. Utilízase un balón de talla 4 en todos os grados da competición U-12 (sub-12) ou superiores. Un balón da talla 3 ou "Go Games" en grupos de idade máis novos.
5. O número da camiseta de cada xogadora debe corresponder co nome da xogadora na lista de equipos.
6. Se aparecer máis de 15 nomes no listado de xogadoras, as primeiras 15 serán o equipo real, agás se outra cousa fose claramente indicada.
7. Cando sexa necesario para a súa publicación, os clubs, condados ou provincias deben subministrar ao Comité ou Consello Organizador os listados das súas 15 xogadores iniciais e substitutas.

TROCOS E PRÓRROGAS

1. Para as competicións "Intercounty", hai substitucións ilimitadas ata os cuartos de final da Liga Nacional e na fase de grupos dos Campionatos Provinciais de Menores ("Underage").
   Con todo, para cuartos de final, semifinais e finais das Ligas Nacionais e semifinais e finais dos Campionatos Provinciais de Menores só se permiten 5 substitucións.
   Só se permitirán 5 suplentes en Campionatos Provinciais de Adultos e Campionatos Nacionais.
   Permítense 5 substitutas adicionais en caso de prórrogas, que constarán de 2 partes de 10 minutos con troco de campo no seu descanso.
2. Pódense permitir trocos ilimitados para partidos que se xoguen a nivel de club dentro dun condado. O número de substitutas pode ser determinado pola Xunta de Condado. Sen embargo non poden ser menos de 5.
3. NON se permitirá a substitución dunha xogadora que fose expulsada pola árbitra durante un partido. Non obstante se é expulsada no tempo ordinario, na prórroga si pode entrar unha substituta por ela.
4. Cando se xoga unha prórroga, unha xogadora mandada á "zona de castigo" (Sin Bin) por unha primeira infracción de tarxeta amarela no tempo ordinario pode substituírse por unha substituta na prórroga ata transcorridos os 10 minutos de exclusión do xogo. Unha vez cumprido o seu tempo de exclusión, a xogadora pode volver ao xogo no lugar da súa substituta na prórroga e o seu equipo pode considerar efectuar unha segunda substitución.

Unha xogadora expulsada por dúas infraccións de tarxeta amarela no tempo normal pode ser substituída para a prórroga.

REGRA DE SANGUE

1. Unha xogadora que estea a sangrar ou presente sangue no exterior do seu corpo ou na súa indumentaria como consecuencia dunha lesión sufrida durante o xogo, segundo as instrucións da árbitra, deixará inmediatamente o terreo de xogo para recibir atención médica.
   Non volverá ao terreo de xogo ata que estea detido o sangrado activo, limpo todo o sangue da pel e limpa ou cambiada toda a roupa lixada co sangue.
2. A zona ferida debe ser cuberta cando sexa posible. Unha xogadora lesionada poderá ser trocada por unha substituta de sangue quen lle comunicará por escrito ao árbitro que é "substituta de sangue".
3. A substituta de sangue non contará como substituta permitida segundo as regras normais de substitución, se a lesionada volve ao campo como recambio directo pola xogadora que previamente a substituíu.
4. Cando a xogadora lesionada volva ao terreo de xogo como substitución doutra xogadora calquera que non fose a súa substituta de sangue, teremos que considerar que ese equipo utilizou unha substitución normal.
5. Se unha substituta de sangue é expulsada, o seu equipo debe substituír a outra xogadora se desexa que a xogadora orixinal volva de novo ao terreo de xogo, se ben isto non contará como substitución normal.
6. Se un equipo utilizou o seu número normal de substitucións permitidas no tempo ordinario dun partido ou nunha prórroga e unha xogadora sofre unha ferida con sangue, esta pode ser cambiada por unha substituta de sangue.
7. A xogadora que tivese unha lesión de sangue e xa estea lista para continuar a xogar, terá que presentarse á árbitra durante unha parada do xogo. A árbitra debe asegurarse de que a hemorraxia parou, que a roupa manchada foi cambiada ou limpa e que a substituta de sangue saíu do campo. Cando a xogadora lesionada volva ao xogo cunha camiseta con numeración diferente, a árbitra debe tomar nota do seu novo número.

REGRAS DE XOGO

1. Unha xogadora pode coller o balón do chan co pé, cunha man ou con ambas, sempre que estea de pé.

2. Unha xogadora no chan pode afastar o balón lonxe dela, pero non pode tomalo na súa posesión.
3. O balón cando é atrapado pode ser: pateado, golpeado co puño ou man aberta; botado **unha vez** cunha ou ambas mans ou xogado nun "solo" ou auto-pase de pé a man.
4. Un balón que **non** foi atrapado pode ser botado máis veces sucesivas cunha ou ambas mans.
5. Unha xogadora pode cambiar a pelota dunha man a outra **unha vez**, sempre que manteña a man de orixe en contacto co balón ata completar o cambio.
6. Unha xogadora non pode patear o balón cando unha rival estea **a piques de** collelo do chan ou tomalo no seu poder.
7. O balón non se pode reter máis do tempo necesario para dar 4 pasos e botalo fóra no 5º paso (pateo, golpeo con puño ou man aberta, bote ou solo).
8. Unha xogadora non pode lanzar o balón, teno que golpear con puño ou man aberta.
9. Non está permitido ningún contacto corporal deliberado.
10. A carga co ombreiro non está permitida.
11. Cando unha árbitra deteña o xogo por mor dunha xogadora ou xogadoras feridas, o equipo en posesión do balón no momento no que a árbitra parou o xogo conservará a posesión no reinicio. O xogo reiniciará cun saque co pé a prol do equipo que tiña a posesión.
    Non obstante, o equipo non pode marcar directamente desde ese saque e todas as xogadoras deben estar a 13 metros do balón cando se retome o xogo.
    Se ningún dos equipos tiña posesión do balón cando a árbitra detivo o xogo, este recomezará cun lanzamento neutral entre dúas xogadoras, unha por equipo.
12. Cando unha xogadora pasa a pelota coa man, ten que haber unha visible acción de golpeo coa man que pasa.
13. Mostrar o balón ou virar ao redor do corpo con el **non** é falta sempre que se faga dentro da regra de 4 pasos.
14. Unha xogadora pode lanzar ao aire a pelota cunha man e xogala fóra coa mesma man (golpeando con puño ou man aberta).
15. As xogadoras menores de idade só poden xogar no seu propio grupo de idade ou un nivel por riba dela (por exemplo, unha xogadora menor de 14 anos pode xogar no U14 e U16, pero non no U17 ou superior. Unha xogadora menor de 15 ou 16 anos non pode xogar nos niveis Junior, Intermedio ou Senior).
16. Non se debe consignar no listado a unha xogadora do equipo con outra fórmula distinta ao seu nome. De non facelo así, poderá derivar en multa a criterio do Comité ou Consello encargado do partido.

O ROUBO DE BALÓN

1. Unha xogadora que suxeite a pelota contra o seu corpo non pode ser legalmente desposuída da mesma . En caso contrario dará lugar a un tiro libre a favor da atacante.
2. O ataque para desposuír a unha xogadora do balón debe facerse cando esta faga un "solo", bote ou solte a pelota para pateala ou pasala. O balón debe ser apartado da man da opoñente golpeándoo coa man ou mans abertas.

REGRA DA VANTAXE

1. A regra da vantaxe ten aplicación no fútbol gaélico feminino. Non obstante o seu uso non debe deixar impunes as faltas. Poderá sancionarse a acción disciplinaria (tic, cartón) se corresponder cando se deteña o xoga tras unha aplicación da vantaxe.
2. A regra da vantaxe debe aplicarse cando unha xogadora en posesión do balón é quen de tomar libremente a vantaxe, é dicir, a vantaxe ten que ser obvia.
3. Cando se produza unha falta, a árbitra pode permitir que o xogo continúe ata 5 segundos despois da comisión da falta, se considera que é unha vantaxe para o equipo ofendido. Se nese tempo non prosigue ningunha vantaxe, a árbitra pode outorgar un libre onde se produciu a falta orixinal.

   No caso de que a falta se produza dentro da liña de 13 metros (agás se é merecedora de penalti), a árbitra concederá o tiro libre dende esa liña de 13 metros, fronte a onde se produciu a falta. En caso de ser xustificada, pódese aplicar á infractora a sanción disciplinaria que, en calquera caso, deberá indicarse na seguinte pausa do xogo

COMEZO DE XOGO

A árbitra dará comezo ao xogo no inicio do partido e da segunda metade cun toque de asubío e lanzando o balón entre dúas xogadoras de cada equipo. Todas as demais xogadoras estarán detrás da liña de 45 metros e nas súas respectivas posicións de ataque ou defensa (mesmo número de xogadoras a cada lado do campo).

BALÓN EN XOGO

1. O balón está en xogo unha vez que foi lanzado ou pateado despois do sinal arbitral para comezar a xogar.
2. O balón está en xogo ata que pase **na súa totalidade** por riba da liña de gol, a liña de fondo ou a liña lateral; ou ata que a árbitra sinale unha parada no xogo.
3. Se o balón golpea na árbitra, durante xogo normal, outorgará un lanzamento neutral ao aire. Non obstante se o equipo que tiña a posesión do balón a mantén, a árbitra debería permitir que o xogo continúe. Se o balón golpea a árbitra directamente dende un tiro libre, haberá que repetilo.
4. Unha árbitra debe prolongar en cada metade o tempo de retrasos. Tamén prolongará o tempo para permitir o saque directo dun tiro libre. Cando a árbitra indica que ese tiro libre é o último disparo desa metade do partido, só se pode anotar desde o tiro libre directamente ou se o balón pasa por debaixo ou por riba do traveseiro desviado dese tiro directo por unha xogadora do equipo defensor.
5. Cando un balón cruce a liña de fondo fóra da zona de anotación será considerado como un lanzamento errado ou "wide".

BALÓN FÓRA DO XOGO

1. O balón está fóra de xogo cando todo el pasa fóra das liñas que limitan o campo.
2. Se o balón golpea algunha das bandeiras tamén se considera que está fóra de xogo. Se o balón golpea a bandeira de esquina ou as bandeiras da liña lateral será saque de banda.

PUNTUACIÓN

1. Se puntúa cando a pelota é pateada, golpeada ou palmeada no seu voo **por calquera parte do corpo**, agás se é lanzada ou transportada sobre a liña polo equipo atacante.
2. **Non** se permite un gol se a pelota dende unha situación de posesión do balón pola propia xogadora é golpeada directamente co puño ou coa palma das mans sobre a liña de gol.
3. Calquera xogadora que cae ou é mandada ao chan mentres está en posesión do balón pode, dende o chan, golpealo inmediatamente lonxe do seu corpo co puño ou palmealo, e pode marcar ao facelo.

4. Contará como anotación válida se **a defensora** mete o balón **de calquera xeito** na súa propia área de anotación.
5. Un balón transportado ou lanzado desde a súa posesión sobre a liña de meta por unha xogadora **atacante** non é gol.
6. O balón sigue en xogo se bate nos postes ou traveseiro e rebota directamente de volta ao terreo de xogo.
7. Permítese o punto cando unha **xogadora atacante** está dentro da área pequena ("small square") e o balón vai por riba do traveseiro ("over the bar") sempre que a xogadora non interfira coa defensa e que o balón estivese fóra do alcance de **todas as** xogadoras.
8. Cando o balón pasa por riba dos postes laterais non é punto, debe pasar entre os postes.
9. Cando se realicen tiros de desempate despois dunha prórroga, estes terán lugar dende os 30 metros, entre os dous postes, onde indique a árbitra, agás en competicións de menores de 14 anos ou inferiores que será na liña de 20 metros.
   Cada equipo fará 5 disparos a punto. Se continúan empatados despois deses 5 disparos, segue un procedemento de "morte súbita" empregando diferentes xogadoras do equipo ata que haxa un gañador.
   Só as xogadoras que acabaron o partido no terreo de xogo ao final da prórroga son elixibles para os tiros de desempate.
   Se unha xogadora está cumprindo o tempo do cartón amarelo ("sin bin") cando remata a prórroga ou foi expulsada antes, esa xogadora non pode participar nos tiros de desempate.
   O balón debe pasar directamente sobre o traveseiro entre os postes para que conte como punto, aínda que pode rebotar nos postes ou no traveseiro para facelo.
   Se o balón bota diante da portería e despois pasa sobre o traveseiro non conta como punto.
   Anúlase o punto se a xogadora se adianta da marca de 30 metros mentres patea.
   A árbitra engadirá os puntos marcados por ambos equipos neste desempate no resultado final da prórroga.
   A prórroga serán 2 partes de 10 minutos.

ZONA DE CASTIGO

Aplícase a regra de zona de castigo ou "Sin Bin" en todos as categorías desde menores de 14 anos (U-14) cara arriba.
Se unha xogadora comete unha primeira infracción de cartón amarelo, a árbitra deberá anotar o seu nome e indicarlle que debe abandonar o campo

durante 10 minutos de tempo de xogo, en partidos de 1 hora de duración ou máis. Pode pasalos ao carón das súas compañeiras substitutas.
En partidos de menos de 30 minutos por parte, sempre e cando falemos de categoría U-14 para arriba, o tempo no Sin Bin será de 5 minutos de tempo de xogo. Se o partido vai á prorroga, o tempo de Sin Bin seguirá a ser de 5 minutos aínda que o tempo total de xogo supere a hora de duración.
En partidos de 15 minutos ou menos por parte, o Sin Bin será de 3 minutos de tempo de xogo.
A xogadora pode continuar xogando despois dos 3, 5 ou 10 minutos **de tempo de xogo** e **só tras o consentimento da árbitra**.
A duración do tempo de Sin Bin ríxese pola duración normal do partido sen ter en conta a prolongación por retrasos de cada parte.

FALTAS

Un factor crítico para decidir a diferenza entre os tres categorías de faltas (Falta ordinaria, Cartón amarelo ou Cartón vermello) é a valoración da intencionalidade.

Infraccións de cartón vermello

1. As seguintes faltas serán penalizadas con tiro libre co pe ("free") a favor do equipo contrario e con cartón vermello á xogadora infractora que implica a súa expulsión para todo o partido, incluíndo prórroga e tiros de desempate.
(a) Golpear ou tentar golpear a unha adversaria ou compañeira coa man, puño, brazo, cóbado, cabeza ou xeonllo
(b) Patear a unha rival ou compañeira
(c) Usar linguaxe ameazante ou ofensivo dirixido a calquera oficial do partido
(d) Arremeter ou cargar deliberadamente sobre unha rival, compañeira ou oficial, incluíndo a carga frontal ou o salto sobre esa persoa.
(e) Entrar deliberadamente cos tacos en alto
(f) Entrar deliberadamente deslizándose polo chan cos tacos por diante
(g) Cuspir a unha rival, compañeira ou oficial
(h) Tirar deliberadamente do cabelo dunha rival ou compañeira
(i) Morder a un rival ou compañeira
(j) Pisar a unha rival ou compañeira
(k) Usar linguaxe ou xestos racistas, sectarios ou homófobos cara a unha opoñente, compañeira, técnico, oficial do partido ou espectador
(l) Incitar a compañeiras ou adversarias a causar ou tomar parte en calquera tipo de refrega estando no terreo de xogo.

Infracción de cartón amarelo – Zona de castigo

2. As seguintes faltas serán penalizadas con tiro libre a favor do equipo contrario e a árbitra tomará o nome da infractora, lle ensinará un cartón amarelo e lle indicara que debe saír do campo para o período de Sin Bin (en categorías de U-14 e superiores).
Se repite algunha destas infraccións de advertencia na súa volta ao xogo, a árbitra amosará un segundo cartón amarelo seguido dun cartón vermello. A xogadora abandonará o campo para o que reste de partido incluíndo unha posible prórroga ou tiros de desempate.
En calquera competición de menores de 13 anos ou inferior, non se aplicará a regra de Sin Bin.
Nestas competicións amosarase o primeiro cartón amarelo e se repite outra infracción merecedora, terá que amosarlle un segundo amarelo seguido dunha tarxeta vermella. A xogadora abandonará nese caso o terreo de xogo para o que reste de partido incluíndo unha posible prórroga ou tiros de desempate.

(a) Tirar a unha adversaria ou facela tropezar deliberadamente con man ou pé
(b) Entrar cos tacos en alto
(c) Cargar a unha adversaria
(d) Usar linguaxe ameazante ou ofensivo dirixido a calquera xogadora adversaria
(e) Bloquear ou tentar bloquear co pé a tentativa de pateo do balón dende a propia posesión dunha adversaria
(f) Entrar cos tacos por diante deslizándose polo chan
(g) Patear o balón intencionadamente cando a xogadora adversaria está a piques de recollelo coas mans do chan
(h) Contactar co puño no corpo dunha adversaria co propósito de desposuíla do balón
(i) Disentir ou desafiar a autoridade dunha oficial do partido
(j) Faltas reiteradas
(k) Finxir unha lesión ou deixarse caer para acadar un tiro libre, penalti ou cartón para unha adversaria.

3. As seguintes faltas serán penalizadas cun tiro libre para o equipo adversario. A repetición destas faltas constituirá unha infracción de cartón amarela segundo o descrito no nº 2 anterior.

(a) Empurrar ou suxeitar a unha rival
(b) Contactar coa man no corpo dunha adversaria co propósito de desposuíla o balón
(c) Bloquear ou entrar a unha terceira xogadora ("xogadora atacando sen balón")
(d) Impedir a mobilidade dunha rival
(e) Lanzarse sobre o balón para impedir que unha adversaria o recolla do chan
(f) Avanzar co balón co cóbado por diante
(g) Empuxar de fronte a un xogador
(h) Baixar con golpe os brazos erguidos dun opoñente
(i) Provocar ou amedrentar ás xogadoras mediante accións físicas ou verbais
(j) Impedir que unha rival se levante do chan
(k) Tirar da camisola do rival
(l) Retrasar deliberadamente un saque ou tiro libre
(m) Non retrasarse deliberadamente para impedir o saque rápido dun tiro libre
(n) Patear o balón cando se concede un tiro libre contra o equipo en posesión do balón
(o) Non liberar a pelota cando se concede un tiro libre contra a xogadora en posesión do balón
(p) Uso dunha linguaxe impropia ou incorrecta
(q) Interferir no saque dun tiro libre saltando cara arriba e cara abaixo, axitando os brazos, dando palmadas ou con calquera outra interferencia física ou verbal dirixida a distraer á adversaria. Se ocorrer isto cando o equipo adversario vai efectuar un tiro libre a 13m da portería contraria, a árbitra concederá un penalti. A xogadora si pode manter as mans erguidas durante o tiro libre.

4. Faltas técnicas

(a) Manter a posesión do balón máis tempo do permitido
(b) Lanzar a pelota sen golpeala conforme a regra
(c) Deitarse sobre o balón
(d) Coller o balón do chan sen estar erguida
(e) Tomar a posesión do balón mentres se está no chan
(f) Cambiar a pelota de man máis dunha vez sucesiva
(g) Botar o balón máis dunha vez sucesiva unha vez en posesión
(h) Pasar a pelota sen unha acción visible de golpeo
(i) Pasar a pelota legalmente mais collela de novo antes de que toque o chan ou antes de ser tocada por outra xogadora.

TIROS LIBRES

1. O castigo para a maior parte dos incumprimentos das regras é o **tiro libre co pé.** Excepcións: **lanzamento neutral** por incorrección contra a decisión da árbitra, faltas simultáneas por ambos os dous equipos, saque rápido dun tiro libre para golpear co balón deliberadamente a unha adversaria e infracción reiterada da regra de procedemento do tiro libre.
2. Unha vez que a árbitra sinalou o tiro libre, o balón pode ser pateado, desde a man ou desde o chan, no lugar que indique a árbitra . Non obstante permítese como boa práctica un desprazamento de ata 4 metros para poder sacar o tiro libre de xeito áxil. Se o tiro libre se efectuou nunha posición incorrecta, debe repetirse onde o indique a árbitra. O incumprimento continuado desta regra dará lugar á anulación do tiro libre e a árbitra porá o balón en xogo de novo mediante un lanzamento neutral entre unha xogadora de cada lado. Todas as demais xogadoras gardarán unha distancia de 13 metros ao lanzamento.
3. Os **tiros libres de 45m** pódense patear dende a man ou dende o chan en U-14 e inferiores. Só dende o chan en U-15 e superiores.
   Se indicará repetir o lanzamento en caso de incorrección no procedemento da lanzadora do tiro libre de 45m (por exemplo, balón en movemento ou lanzamento dende posición incorrecta).
   Se unha xogadora defensora interfire no lanzamento dun tiro libre de 45m, á árbitra concederá un tiro libre 13m máis preto da súa portería.
4. Se así o desexa, unha xogadora pode sacar todos os tiros libres dende o man ou dende ao chan.
5. Os **penaltis** deben tirarse dende o chan en todas as categorías e competicións.
6. O balón estará detido antes dun tiro libre, dun saque de banda ou dun tiro libre de 45m que se saque dende o chan. Se non, se repetirá. Se a infracción no procedemento é persistente á arbitra anulará o tiro e reiniciará o xogo cun lanzamento neutral.
7. Cando se produce unha falta, a árbitra pode permitir que o xogo continúe ata 5 segundos despois da comisión da falta se considera que é unha vantaxe para o equipo ofendido.
8. A prol da continuidade do xogo, todos os tiros libres, agás os penaltis e os tiros libres na liña de 13m, poden sacarse axiña. A árbitra pode permitir unha vantaxe de ata 4 metros no saque rápido dun tiro libre.
9. Todas as xogadoras adversarias deben estar a 13 metros do balón cando se efectúa un tiro libre.
10. Se unha xogadora realiza un tiro libre rapidamente contra unha opoñente co propósito de gañar vantaxe desa acción, debe anularse o

tiro libre e decretarse un lanzamento neutral entre un xogador de cada equipo.

11. Se unha xogadora contraria se sitúa máis preto de 13 metros nun tiro libre, saque de banda ou tiro libre de 45m ou dificulta ilegalmente ese saque, o equipo contrario recibirá un novo tiro libre dende onde estaba esa xogadora contraria.
12. Cando nun tiro libre a lanzadora pasa o balón a unha compañeira que está a menos de 13 metros do balón, o equipo contrario recibirá unha tiro libre dende a posición da receptora do pase.
13. A lanzadora dun tiro libre non poderá volver xogar a pelota ata que outra xogadora a toque agás se rebota no traveseiro ou postes. En caso de incumprimento, a árbitra concederá un tiro libre o equipo contrario desde onde se produciu a falta. Se foi dentro da liña de 13 metros, concederá o tiro libre na liña de 13 metros fronte a onde se produciu a falta.
14. Se unha xogadora comete unha falta despois de que ter xogado o balón;
    (a) Concederase un tiro libre dende onde o balón aterre no chan.
    (b) No caso de que anotase, darase por válida a anotación.
    (c) Se o balón cruza a liña de fondo ("wide") ou aterra dentro da liña de 13 metros, concederase un tiro libre na liña de 13 metros fronte a onde o balón aterrou ou cruzou a liña de fondo.
    (d) Se a pelota cruza a liña de banda, o tiro libre será dende o punto no que cruza o balón a liña.
    (e) Se o balón cruzou a liña de fondo entre os 13m e a liña de fondo, o tiro libre será na liña de 13m.
15. Se unha xogadora de cada equipo fai falta ao mesmo tempo, a árbitra fará un lanzamento neutral cun xogador de cada lado. As demais xogadoras terán que estar a unha distancia de 13 metros.
16. Cando unha árbitra concede un tiro libre e antes de efectualo, unha xogadora do equipo beneficiado comete outra infracción a modo de vinganza ou desacordo, a árbitra anulará o tiro libre e decretará un lanzamento neutral onde se cometeu a falta orixinal.
17. Se unha xogadora protesta ou amosa desconformidade cunha decisión arbitral de falta, o tiro libre será concedido dende un punto 13m máis vantaxoso, ata a liña de 13m. No caso de que o tiro libre sexa próximo á liña de banda ou na liña de 13m, a árbitra colocará o balón 13m máis centrado respecto ao medio da portería.

PENALTIS

1. Débese conceder un penalti en:
   (a) Calquera falta cometida pola defensa dentro da área pequena.
   (b) Calquera falta persoal (non técnica) cometida pola defensa dentro da área grande.
   (c) Se unha atacante ten o balón nas súas mans e a defensora patea a pelota, será penalti mesmo se non chega a golpear a adversaria nas mans.
2. Será penalti se unha defensora impide ilegalmente un tiro libre de 13m fronte a súa portería.
3. Os penaltis serán efectuados dende o chan nun punto medio a 11m do centro da portería. O resto de xogadoras agás a porteira estará fóra da liña de 20 metros.
4. A porteira pode moverse ao longo da súa liña de gol, pero non pode avanzar adiante ata que o balón sexa pateado.
5. Se a gardameta avanza antes de que se patee o balón e non hai anotación ("wide") ou desvía a pelota e vai por riba do traveseiro, repítese o penalti.
6. Só a xogadora que leva a camisola distintiva goza dos dereitos e privilexios dun porteiro.

ÁREAS ou PARALELOGRAMOS

1. Se durante o xogo, unha xogadora atacante está dentro da área pequena antes de que o balón entre nela e o balón non está fóra do alcance de todas as xogadoras, a árbitra concederá un tiro libre a prol da defensa dentro da área pequena.
2. Se unha xogadora atacante entra legalmente na área pequena despois do balón, este é desviado fóra da área e de novo devolto a ela sen tempo para que a atacante abandonase a zona; entenderase que non hai infracción sempre e cando non xogue o balón ou non interfira coa defensa.

SAQUE DE PORTA ou DE META

1. No saque de meta tras un disparo errado ("wide") en todas as competicións a pelota pode ser pateada dende as mans ou dende o chan, desde a liña de 13 metros. Todas as xogadores agás a lanzadora e a porteira (se non coinciden) estarán fóra da liña de 20 metros e polo menos a 13 metros do balón ata que este sexa pateado.

2. O balón debe cruzar a liña de 20 metros antes de ser xogado por outro xogador. Se isto non se cumpre, será tiro libre para o equipo contrario na liña de 20 metros liña fronte ao lugar onde se produciu a infracción.
3. Despois dunha anotación, o saque de meta farase nalgún lugar da liña de 20m entre os postes de meta. Todas as xogadoras, agás a lanzadora e a porteira estarán fóra da liña de 20 metros e polo menos a 13 metros do balón ata que sexa pateado.
4. A xogadora que saque dende o chan pode usar un pequeno elevador ou "tee".

ÁRBITRAS

1. A árbitra deberá levar o uniforme ou equipación apropiada.
2. Os requisitos dunha árbitra son: asubío, reloxo, moeda, lapis / bolígrafo, caderno, afiador, cartón vermello e amarelo.
3. A árbitra debe:
   (a) Chegar ao terreo de xogo a tempo.
   (b) Coñecer as regras do fútbol gaélico feminino.
   (c) Estar en forma física e mental.
   (d) Ser xusta e valente nas súas decisións.
   (e) Comunicar as decisións de xeito claro.
   (f) Mirar con frecuencia ás umpires (oficiais de fondo) e asistentes de banda.
   (g) Usar o sentido común.
4. Os deberes e poderes da árbitra, ademais dos expresados nas propias regras de xogo, serán:
   (a) Protexer ás xogadoras que queiran xogar o partido de acordo coas normas e sancionar a aquelas que as infrinxan.
   (b) Asinar e dar unha copia do listado de equipo ao equipo adversario antes do comezo do xogo.
   Informar de calquera incidencia sobre a recepción dos listados á comisión encargada.
   (c) Ver que as xogadoras están debidamente uniformadas e informar do mesmo.
   (d) Obter, se unha capitana ou oficial o solicita, a sinatura, enderezo completo e club de calquera xogadora ou substituta cuxo nome apareza no listado oficial.
   (e) Autorizar ou anular puntuacións.
   (f) Consultar coas oficiais de fondo ou banda ou cuarta asistente cando a ocasión o esixa e substituír a calquera deles en caso de teren que retirarse antes do final do xogo.

(g) Tomar medidas referentes a intrusións de persoas non autorizadas no campo de xogo.

(h) Tomar os nomes de xogadoras ou oficiais que interferisen no transcurso normal do xogo.

(i) O árbitro decidirá se o campo é adecuado para xogar e se se pode continuar un partido por mor da escuridade ou por calquera outro motivo.

(j) O árbitro non pode outorgar a vitoria dun partido, pero pode dar a puntuación final cando se lle solicite.

(k) Engadirá tempo adicional por mor de substitucións ou tempo parado por cartóns amarelos ou vermellos.

5. Cando unha xogadora, xogadoras ou equipo se negasen a continuar cun partido; a árbitra debe dar á capitana do equipo aproximadamente 3 minutos para decidir a súa intención final.
6. Se aínda así o equipo se nega a xogar, calquera xogadora disposta a continuar debería darlle o seu nome á árbitra.
7. A árbitra informará do nome de todas as xogadoras que se lesionen e natureza da súa lesión.
8. A árbitra valorará seriamente as faltas persoais e no caso dun xogo brusco ou perigoso advertirá ou expulsará á infractora segundo a gravidade da falta.
9. A árbitra ten o poder de contradicir a unha asistente de fondo ou banda.
10. No caso de que un equipo non poida participar nun xogo a árbitra debe asegurarse de que o outro equipo, o si presente, teña 11 xogadoras e obter un listado delas.
11. Despois do partido, a árbitra debería enviar o listado de equipos e un informe detallado de todos os aspectos do xogo ao Comité encargado.

UMPIRES (OFICIAIS DE FONDO) E ASISTENTES DE BANDA

1. As "umpires" e as asistentes de banda deben traballar coa árbitra como un equipo e avisala de incidentes que ela non puidese ver. As "umpires" e asistentes de banda teñen autoridade para tomar accións correctivas sobre os incidentes que poidan ocorrer e advertir a calquera xogadora que cometa calquera infracción sen balón.

CUARTA OFICIAL

1. Cando se use unha cuarta funcionaria, esta deberá situarse ao longo da liña de banda, aproximadamente no mediocampo do terreo de xogo. Poderá ser designada polo Consello de condado, provincial ou central ou polos seus subcomités.

Os deberes das mesmas incluirán:

- Recibir, anotar e informar de todas as substitucións e substitucións temporais realizadas durante un partido.
- Ensinar mediante soporte electrónico ou prancha manual do número de xogadora substituída nun troco.
- Cronometrar os tempos de zona de castigo ("sin bin").
- Avisar a outros oficiais do partido sobre calquera incidente sucedido incluíndo avisos sobre puntuacións.